

Hoxe celebrouse a segunda reunión das Comisións de valoración dos concursos de traslados convocados na Inspección por Resolución do 23 de outubro de 2024 (BOE 29 de outubro), concurso específico, e por Resolución do 8 de novembro de 2024 (BOE do 21 de novembro).

-Concurso 7/2024 específico;

Non houbo alegacións polo que a listaxe provisional elevarase a definitivo.

-Concurso 8/2024

Houbo oito renuncias, sete totais e unha parcial, que nalgún caso provocan cambios nas adxudicacións provisionais. Pero ningunha en Galicia.

Presentáronse sete alegacións das que se teñen en conta tres e desestímanse catro delas, ningunha é referente a postos convocados en Galicia.

Datas comúns para os dous concursos:

Desde CIG preguntamos pola previsión de datas para remitir á firma do Subsecretario e a súa posterior remisión ao BOE e a administración coméntanos que non poden ofrecernos unha previsión de datas debido a que están a tentar cadrar e axustar as saídas por concurso cos ingresos de novos efectivos.

Tan pronto dispoña dunha previsión faránnola saber pero, en calquera caso, tentasen ser áxiles nos dous procesos.

Para calquera aclaración que necesites, estamos á túa disposición.